



O CORGO, AMPLO HORIZONTE

Xulio Xiz

Pedra e auga. Pedra feita torre histórica que coroa un panorama de auga nutricia dunha terra agarimosa. Pedra e auga, historia e vida, que temos arredor de nós.

Só unha corrección se debe efectuar, xa que segundo o DOG, a vía romana que pasaba polo Corgo é a IV, pero é un erro. Os entendidos corrixen o texto legal: É a vía XIX, que de Astúrica Augusta (Astorga) por Lucus Augusti (Lugo) ía ata Brácara Augusta (Braga).

O pazo do Corgo

É o símbolo perfecto do Concello, a máis representativa das casas señoriais das terras de Chamoso.

O Alcalde do Corgo emprendeu hai tempo xestións para instalar no Pazo do Corgo, tamén chamado

de Valcarce, a casa Consistorial e un museo etno-gráfico, pero as xestións son necesariamente lentas pola multipropiedade da histórica casona.

Manuel Rodríguez, no seu libro "Viaxes con Fole", descríbennos este pazo: "O edificio de dous corpos – o da dereita nótase que foi aumentado en época recente- ten unha balconada con tres arcos de medio punto. O patio interior, con lanterna, é cadrado e cun corredor hexagonal. O frontis está adornado con dous escudos, un central, coroado, e outro laboral, na ala dereita, máis pequeno. Cinco flores, un caldeiro, a Cruz de Malta, cinco estacas, cinco bustos, a cabeza dun pequeno... ¡canta afección sentían os moradores dos pazos pola perpetuidade das súas liñaxes. Abofé que o conseguiron. Pimenteles, Ulloas, Quirogas, Foles, Sarmientos, Sangros, Taboadas, Bustelos, Andra-



des... están en débeda cos artistas-canteiros. Se por eses non fora, quizais terían afondado no esquecemento do mesmo xeito que perderon o dominio feudal”.

Suponse que foi construído entre 1500 e 1600, con reforma do 1800. É un exemplo do chamado Barroquismo galaico.

Jesús Abuín Arias, na súa historia do Corgo asígnalle unhas medidas de 22,50 por 22,50, con capela pegada á fachada principal de 7,50 por 6, capela fundada polo cura D. Francisco Valcarce Neira, que o foi de Santa María de Seteventos, coa advocación do Ecce Homo. A capela desapareceu en 1929, conservándose sómente na actualidade a pía bautismal.

O primeiro propietario foi don Pedro Fernández Neira, O Vello, que casou con Inés de Valcarce.

Sábese que en 1528 era o dono, suponse que dun edificio anterior a este, fronte a este lugar. Entre os seus posteriores propietarios, houbo mesmo un vicerrei das Filipinas.

Cando os franceses invadiron estas terras, o Señor do Pazo do Corgo combateunos con tal decisión que logo foi nomeado “cabaleiro cuberto” xa que podía permanecer así diante do Rei, e recibiu o título de Valcárcer, logo transformado en Valcárcel.

En 1884, o propietario do pazo, Laureano Valcárcel Fole repartiuno entre os seus varios herdeiros.

Aquí estivo o cuartel da Garda Civil de 1863 a 1881, e a casa do Concello desde a constitución do consistorio ata 1948.

En 1953 construíuse unha reprodución deste edificio na Casa de Campo de Madrid para represen-



Pazo do Corgo.

MONSEÑOR FRANCISCO ALDEGUNDE DORREGO

Desde 1973, o escritor Manuel Rodríguez López viña tódolos veráns de vacacións desde Barcelona a Galicia e viaxou con Fole practicamente ata o seu pasamento.

No libro "VIAXES CON FOLE" (Edicións do Castro, 1988), recóllense estas viaxes, que no Corgo incluíron os pazos de Folgosa e O Corgo, e a visita a Monseñor Aldegunde. Delas faise mención no apartado correspondente.

A Mons. Aldegunde visitárono na súa casa de San Cristovo de Chamoso, onde vivía con dúas das súas irmáns. Era o segundo fillo dunha familia de trece.


Nado en 1896, ingresou no Colexio Seráfico de Herbón, en Padrón, ós 13 anos, e superada unha crise de saúde, alí estudou Humanidades, e logo Filosofía e Teoloxía en Santiago.

En 1922, foi consagrado Presbítero por Frei Plácido Rey Lemos, franciscano e Bispo de Lugo, no Convento de San Francisco da capital lucense.

En Roma especializouse en Filosofía, e logo deu clase en Santiago. Despois dunha nova crise de saúde, viaxa a Hispanoamérica. En Potosí (Bolivia) impartiu clases. Volto a Santiago ocupa o cargo de Vicerreitor do Colexio Franciscano (1936-1938).

Con motivo do IV Centenario do nacemento do filósofo Luis Vives, o Ministerio de Educación concedeu unha "Mención Especial" ó traballo do P. Aldegunde Dorrego. Pero a obra, lamentablemente, perdeuse.

En 1941 foi elixido Superior Principal, e tres anos despois Definidor Xeral da Orde Franciscana, con residencia en Roma. En 1947, é nomeado Bispo



Antonio Rismol y Quiroga



Escudo de Rismol y Quiroga

Coadxutor con dereito á sucesión do Vicario Apostólico de Marrocos, con residencia en Tánxer. En 1948, pasa a ser Vicario Apostólico.

Estivo en Tánxer case trinta anos, durante os que a sede marroquí foi transformada en Arcebispado, e el o primeiro Arcebispo. A el se debe a construción do edificio que alberga esta institución.

Ó cumprir os 75 anos renunciou á súa arquidiocese, se ben tivo que continuar tres anos máis ata que o sucedeu Monseñor Carlos Amigo.

En conversa con Fole, diante de Manuel Rodríguez López, o P. Aldegunde lembrou a misa oficiada no Panteón de Rosalía, en Bonaval, na celebración do primeiro Día de Galicia.

Os últimos anos do P. Aldegunde estiveron dedicados a ordena-la obra de seu irmán maior, e a confeccionar a biografía do investigador vilafranquino e poeta en galego P. Lucio M^a Núñez.

José García Oro, que resumiu a vida do P. Aldegunde para a G.E.G., menciona que faleceu en Chamoso o 16 de outubro de 1983, e publicou o libro "Misión franciscano-española de Marruecos: cien años de acción (1860-1959)", aparecido en Tánxer en 1961.

LUIS ALDEGUNDE DORREGO

Irmán do P. Aldegunde, era o maior dos 13 irmáns. Morreu en 1959.

Era un crego afeccionado ós estudos históricos, e afervorado do idioma galego. Exerceu o sacerdocio en terras da Fonsagrada, Becerreá, Santa María de Saa (Pallares) e Monforte de Lemos.

Obtivo un premio nos Xogos Florais de Lugo, cando era estudante, polo traballo "Episcopado Lucense".

Recolleu milleiros de refráns, que publicou no "Diario Astorgano", e axudou a completar o Dicionario de Valladares.

O P. Aldegunde supoñía que na Real Academia Galega debían atoparse grande cantidade de traballos de investigación filolóxica do seu irmán Luís.

JULIÁN BESTEIRO FERNÁNDEZ

Hai case corenta anos, cando Jaime Ceide era crego de Gomeán e impulsor cultural da zona, mandou unha información para o boletín "Teleclub Galicia", na que falaba dunha casa da parroquia de Franqueán que respiraba un "sano socialismo" (hai que ter en conta o tempo do que falamos). Referíase á casa na que se di que puido nacer Julián Besteiro, o malfadado líder socialista que morreu na prisión de Carmona (Sevilla) na primeira posguerra, e na que estivo instalado o teleclub de Franqueán.

Besteiro, do que as biografías din que naceu en Madrid, aínda que no Corgo prefiren pensar que naceu aquí e a súa nai levouno con só uns días a Madrid para acristianalo, tiña aquí vencellos patrimoniais e familiares. Se naceu aquí, sería por accidente; se non naceu, a terra do Corgo ben merece telo por fillo adoptivo.

Raul Morodo, na G.E.G., indica que "comunmente considérase que naceu en Madrid o 21 de setembro de 1870, pero Manuel de Rivas Reiña intentou demostrar que nacera na casa de seu pai, na parroquia de Franqueán (O Corgo, Lugo) o día 15, e que fora trasladado a Madrid e rexistrado como nado alí o día 21. A súa familia pertencía á pequena burguesía mercantil acomodada". A primeira Gran Enciclopedia Gallega, en castelán, menciona un traballo de Rivas Reiña sobre Julián Besteiro, publicado en La Voz de

No libro “Viaxes con Fole”, Manuel Rodríguez fala do Pazo de Folgosa, a Casa Palacio de Piñeiro, sinalando que se atopa á man esquerda, pouco antes de chegar á radial Madrid - Coruña. “O frontis é impresionante pola cantería ben labrada e, sobre todo, polo enorme escudo coroado co símbolo condal. Dous leóns aguantando unha vieira, un axedrezado, a Cruz de Malta, os lobos, cinco vieiras... son testemuña das familias, emparentadas entre si, que o habitaron.

—“Este pazo é do conde de Canalejas, ¿non si?, preguntámoslle incorrectamente á labradora que nos abriu o vello portalón”.

—“O pazo élle noso”, contestou con firmeza. “Mercámolo a don Felipe Llamas cando eu aínda era unha meniña”.

E namentres visitábamo-lo patio interior de ben

conservadas arcadas, dixo Fole: “O derradeiro Conde de Canalejas, señor deste pazo, louqueou e andaba a pedir polas aldeas”.

Os actuais donos do pazo son conscientes do seu enorme interese artístico e monumental. É normal que se sintan orgullosos da súa propiedade. Teño oído a moitas persoas laiarse porque nos patios destes pazos atópanse carros, moreas de leña, apeiros labregos, galiñas peteirando miñocas... Eu penso que é fermoso dar con familias labregas en mansións nobres. Estamos tan afeitos a ver que habitan casas ruíns -moreas de pedras e laxes- que nos estrañamos en vendo algúns pazos señoriais en mans de paisanos, cando a cantería dos nosos artesáns cadra tan ben coa paisaxee coa nobreza da nosa xente.../...Oxalá que os labregos poidan vivir todos en pazos”.



Restaurante Prados en Veiga de Anzuelos.

Agradecementos

Quede constancia da miña débeda e agradecemento a tódolos que aportaron algún dato dos que aquí se ofrecen.

De Jesús Abuín Arias (autor da “Historia do Corgo”) obtiven unha perfecta perspectiva do pasado do Corgo e moi interesantes observacións sobre este texto, así como impagables datos que só el coñecía; de Nicandro Ares e Jaime Delgado, ampla información sobre a monumentalidade das terras do Corgo; de Xosé Manuel Blanco Prado, datos sobre romarías; de Carlos Reixa, información sobre temas actuais e varias puntualizacións.

Consultei o Espasa (tomo V), Diccionario de Madoz, El Eco Universitario, Nomenclator, Nomenclator do Bispado de Lugo, DOG do 14 de agosto de 2000, Páxinas brancas de Telefónica, “Historia de Lugo” de Amor Meilán, “Fortalezas de Lugo y su provincia” de Vázquez Seijas, “Inventario Artístico da provincia de Lugo”, de Elías Valiña Sampredo, e “Historia de Galicia” de Otero Pedrayo.

Fóronme de interese os traballos xornalísticos de Julio Fdez. Pardo de Neira en El Progreso (“A familia dos Neira”), Xosé Luís Méndez Ferrín en Faro de Vigo (“Franqueán”), Xavier Costa Clavell en El Progreso (“La cocinera de Azaña”), Javier Gómez Vila en El Progreso (“La Vía romana de Lugo a Astorga”) e Martín Prieto en El Mundo (“El cocinero de Azaña”).

Grazas a Xaime Félix López Arias e ó seu traballo inédito souben do Camiño a Compostela no Corgo, e deume datos moi interesantes sobre Adai; Xoán Carlos Rodríguez Paradelo informoume sobre Carlos Antonio Riomol y Quiroga e asesoroume sobre outros temas; Estefanía de la Torriente (“La guerra civil española mes a mes”, nº 32) aportoume datos sobre o Xeneral Tella, Raul Morodo e José García Oro (G.E.G.), completaron datos sobre Julián Besteiro e Francisco Aldegunde Dorrego, Federico Jiménez Losantos (“Los nuestros”) deume datos impagables sobre Julián Besteiro, pero a maior información sobre o P. Aldegunde –e outros aspec-



Hórreo en Cereceda

tos do Corgo- deuma o inesquecible escritor e amigo Manuel Rodríguez López (“Viaxes con Fole”) que moito antes ca min viaxou polo Corgo.

Nunca imaxinaría Aquilino I. Alvariño que o seu poema sobre o Miño ía ter un papel neste libro, nin Ignacio Martínez Rodríguez (“El Hórreo Gallego”) que recollería aquí a súa non mención, nin o P. Risco a mención por un dato mínimo, nin M. Pardo de Andrade (“Los guerrilleros gallegos de 1809”) que aquí iamos deixar constancia do seu esquecemento dos patriotas do Corgo.

Abrumoume Isaac Rielo Carballo (“A casa grande de Quintela”) coa información que pode obterse nun pequeno recanto desta terra; aportoume Ruth Fernández (“A provincia de Lugo na obra en castelán de Ánxel Fole”) a visión de Don Ánxel dun pazo, e Eliseo López, antigo cura de Marei (“Teleclub de Marey”) deume en tempos moi importantes leccións vitais no momento en que me foron máis pro-

veitosas. Quixera que este libro fose unha modesta homenaxe para Eliseo López, Jaime Ceide, Benedicto Liñeira e moitos outros curas que no Corgo estiveron e están facendo un magnífico labor social.

Dos medios informativos, fun conseguindo moitas das novas relativas á actualidade do Concello, e do meu arquivo persoal outros datos que coidei de interese.

Grazas a Carmen Rodríguez Soto por axear a miña expresión á normativa vixente, e ó Alcalde do Corgo por confiar en min para facer este libro.

De todos é un pouco esta Guía. Eu só espero ter sido un cooperador necesario para sacala adiante.

Permitídemme finalmente un toque sentimental, e que dedique este libríño a Pablo Rico Giz que veu ó mundo mes e medio antes de que esta guía vexa a luz.

X.X.



Festa do río